

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	IES de Vilalonga	Sanxenxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Xeografía	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A xeografía explora as complexas interaccións e interdependencias entre as persoas e o territorio, contribuíndo ao descubrimento do espazo no que viven, desde a referencia da contorna local a un contexto global, servindo tamén de guía para comprender unha realidade ecosocial en constante transformación e atopar o noso lugar no mundo, recoñecendo límites e buscando oportunidades ante os retos do século XXI.

O espazo xeográfico é o obxecto de estudo da xeografía, cuxa finalidade é a comprensión e explicación holística dos procesos naturais e humanos que van modelando ese territorio ao longo do tempo. Como seres con conciencia espazo-temporal, as persoas precisan desa interpretación da realidade que as rodea, máis alá da percepción persoal e colectiva do territorio e do momento e estrutura social nos que se desenvolven as experiencias vitais. Nesta materia de bacharelato, a escala de análise xeográfica céntrase en España, con especial atención ao territorio galego, aínda que dentro dunha perspectiva europea e global, necesaria para coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo.

A comprensión desas realidades próximas e globais é esencial para a construción da personalidade e identidade do alumnado, así como para comprender e respectar as identidades alleas. Ademais, debe constituír a base para exercer unha cidadanía crítica, desde os valores democráticos, o respecto polos dereitos fundamentais e o exercicio da responsabilidade cívica á hora de construír unha sociedade xusta e equitativa en sintonía cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A xeografía, pola súa natureza práctica, permítelle ao alumnado desenvolverse no uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación grazas ás funcionalidades das tecnoloxías da información xeográfica (TIX). As TIX, ademais de constituír un recurso básico para desenvolver investigacións individuais e en equipo, permiten formular o tratamento interdisciplinario do territorio e, como ferramenta de diagnóstico, presentar e comunicar eficientemente conclusións e propostas de mellora da contorna social do alumnado desde a súa análise crítica, fomentando a súa madurez e participación cívica. A aplicabilidade da materia de Xeografía convértea nunha disciplina clave da sociedade do coñecemento e do emprendemento social.

Nun contexto de constantes e profundas transformacións no global e no local, a materia de Xeografía debe achegar unha visión integral do medio natural e da sociedade de España, tratando de espertar a curiosidade innata a toda persoa e lograr o gozo dos coñecementos xeográficos. Con tal fin, as competencias específicas fundaméntanse nunha aprendizaxe baseada na investigación dos fenómenos naturais e humanos que se desenvolven no territorio. Estes fenómenos afectan á vida cotiá das sociedades actuais e representan, algúns deles, retos clave para afrontar o futuro, igual que, en ocasións, tamén constituíron desafíos no pasado. As respostas a estes retos ecosociais desde o ensamento xeográfico requiren da aplicación de saberes baseados no rigor científico, a mobilización de estratexias e o compromiso ético coa sostibilidade e a solidariedade na resolución de problemas.

Por todo iso, o estudo da xeografía de España debe contribuír ao desenvolvemento persoal e á madurez do alumnado, conformando a súa identidade e fortalecendo a súa empatía ao asumir que vivimos nunha sociedade diversa e con desequilibrios sociais e territoriais que precisa dun desenvolvemento sostible. Como persoas formadas e comprometidas coa contorna na que viven, o alumnado debe aplicar as competencias específicas e os saberes básicos adquiridos para emprender accións individuais e colectivas que materialicen a súa capacidade de transformalo desde criterios éticos baseados nos valores que compartimos. A materia de Xeografía contribúe a alcanzar os obxectivos xerais da etapa de bacharelato e a adquisición das competencias clave, e permite o desenvolvemento do pensamento xeográfico do alumnado iniciado na etapa anterior coa materia de Xeografía e Historia. Ademais, promóvese o seu desenvolvemento en contextos interdisciplinarios e noutros próximos ás experiencias persoais, que deben aproveitarse para enriquecer a contorna de aprendizaxe do alumnado, tanto de maneira individual como grupal, conectando cos seus intereses e atendendo a necesidades específicas.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da evolución socioecolóxica dos territorios.

É esencial subliñar o tratamento integrador que a xeografía lles dá aos fenómenos espaciais, lembrando que a síntese é un obxectivo irrenunciable do pensamento xeográfico, ao que deben contribuír o enfoque interdisciplinario e a dobre dimensión ecosocial. A materia de Xeografía é aberta e flexible para que, tomando como eixe vertebrador os obxectivos e os contidos da materia, o profesorado poida adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado. En definitiva, para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio ambiente no contexto actual de cambios e incertezas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os retos ecosociais actuais e futuros de España debatendo desde a perspectiva xeográfica sobre as mensaxes recibidas a través de canles oficiais e extraoficiais, formais e informais, e desenvolvendo o pensamento crítico, para transformar padróns de consumo insostibles e adoptar estilos de vida saudables.	1-3		5	4	20-40	1-4	1	
OBX2 - Comprender a complexidade do espazo xeográfico, mediante a interpretación de fontes de información visuais, para apreciar a riqueza das paisaxes naturais e humanizadas e valorar a sostibilidade como principio das relacións entre os ecosistemas naturais e a acción humana.			4-5	1		1-4	1	1-2
OBX3 - Analizar a diversidade natural de España e a súa singularidade xeográfica dentro de Europa, a través da comparación de características comúns e específicas do relevo, o clima, a hidrografía e a biodiversidade, para reflexionar sobre a percepción persoal do espazo.			1-4		31	1-3		1
OBX4 - Aplicar as tecnoloxías da información xeográfica (TIX), métodos e técnicas propios ou de ciencias afíns, localizando fenómenos naturais e humanos, e argumentando con rigor os seus límites ou categorías, para resolver eficientemente o problema da escala en calquera análise ou proposta de actuación.	1		1-2	1-2-5		3	1-3	
OBX5 - Asumir a globalización como contexto que enmarca a evolución dos sistemas económicos e os comportamentos sociais recentes, investigando as súas relacións de causa e efecto e creando produtos propios que demostren a interconexión e a interdependencia a todas as escalas, para promover o respecto á dignidade humana e ao medio ambiente como base dunha cidadanía global.	5		1-5	4	31	2-3-4	1	41

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Explicar de forma crítica os desequilibrios territoriais de España e da súa estrutura sociolaboral e demográfica, recoñecendo os procesos e as decisións que contribuíron ás desigualdades presentes, para reforzar a conciencia de solidariedade e o compromiso cos mecanismos de cooperación e cohesión españois e europeos.			4		12-31	1-2-3	1-2	32
OBX7 - Mobilizar coñecementos previos, novos e doutros campos do saber ao abordar situacións do pasado, do presente ou do futuro, reorientando eficazmente decisións e estratexias de traballo individual ou en equipo, para achegar solucións innovadoras a contextos en transformación e fomentar a aprendizaxe permanente.	5		1		11-12-32-50	3	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe. Técnicas gráficas e cartográficas. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: O Relevo. Riscos para as persoas.	Identificar o espazo xeográfico, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español. Describir os trazos do relevo. Diferenzas das unidades morfoestruturais e a litoloxía. Aplicación das TIC. Webs e apps xeográficas.	11	14	X		
2	A diversidade climática de Galicia e España. Dominios climáticos: Características, elementos e factores. Escenarios de cambio climático e emerxencia climática.	Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura. Interpretar mapas do tempo e climogramas.	11	14	X		
3	A diversidade hídrica e bioxeográfica en Galicia e España. Réximes fluviais. Aproveitamento dos recursos	Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos. Identificar os réximes fluviais. Analizar o aproveitamento dos recursos	5	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	hídricos. Biodiversidade: formacións vexetais. Riscos xerados polas persoas.	hídricos. Identificar e diferenciar as rexións vexetais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga	5	8	X		
4	As paisaxes naturais e as relacións natureza - sociedade. Influencia do medio na actividade humana. Influencia da actividade humana no medio. Aproveitamento sustentable do medio físico.	Descibir e identificar os trazos das paisaxes naturais. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico.	6	8	X		
5	O espazo rural e as actividades do sector primario. O espazo agrario e gandeiro. A actividade pesqueira. Silvicultura.	As paisaxes agrarias, morfoloxía e estrutura. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O sector agrario español e galego. PAC. A actividade pesqueira en España. Os recursos mariños: sostibilidade e PPC. O caso de Galicia.	11	12		X	
6	Os espazos industriais. Materias primas e fontes de enerxía: transición enerxética. A industria en España e en Galicia. A pegada ecolóxica. A deslocalización industrial.	Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Espazos industriais e tendencias en España e en Galicia. Políticas territoriais na industria. Políticas da Unión Europea e a globalización.	11	12		X	
7	Os espazos terciarizados. A economía circular e os servizos. Modelos insostibles de servizos e alternativas. A economía dixital.	Terciarización da economía española. Sistema de transportes en España e Galicia. O Desenvolvemento comercial. Espazos turísticos. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. O caso do litoral. Modelos de ocupación dominante en España e en Galicia. A economía dixital: impacto da «economía colaborativa» e novos modelos de negocio.	12	12		X	
8	A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.	Identificar as fontes para o estudo da poboación. Caracterizar a poboación española. Os movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. Explicar a distribución da poboación española. Analizar as pirámides de poboación, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades. As perspectivas de poboación española e galega, e a ordenación do territorio.	11	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Concepto de cidade. O espazo urbano en España e Galicia. Funcións da cidade. Morfoloxía urbana. Estrutura urbana. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles.	Definir a cidade. Identificar o proceso de urbanización. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana. Analizar e comentar planos de cidades e unha paisaxe urbana. A rede urbana española e galega.	10	12			X
10	Organización territorial de España. A Constitución de 1978 no deseño territorial. Desequilibrios e contrastes territoriais, políticas rexionais e de cohesión. A Comunidade de Galicia.	Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. Estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia.	4	4			X
11	España e Galicia no mundo: a posición nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. Globalización e diversidade. As desigualdades territoriais no mundo. Grandes eixes mundiais.	Definir a situación xeográfica de España e Galicia no mundo en indicadores socioeconómicos, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. A Globalización e explicar os seus trazos. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos.	4	4			X
12	España e Galicia: situación xeográfica. España e Galicia en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	Definir a situación xeográfica de España e Galicia en Europa en indicadores socioeconómicos, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos.	4	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe. Técnicas gráficas e cartográficas. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: O Relevo. Riscos para as persoas.	14

1	Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe. Técnicas gráficas e cartográficas. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: O Relevo. Riscos para as persoas.	14
---	--	----

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Comprende e explica os principais trazos do relevo de España. Describe e comprende sumariamente a formación e evolución xeolóxica do relevo de España.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Identifica as características máis relevantes dos mapas litolóxicos, topográficos e esquemas de modelaxe granítico e kárstico. Identifica o rochedo predominante e coñece as formas de modelaxe máis características. Define e utiliza con corrección o vocabulario xeográfico específico.		
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Sitúa elementos xeomorfolóxicos en mapas e gráficas.	TI	20
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Traballa sobre un exemplo de mapa topográfico, identificando os aspectos máis relevantes do mesmo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	A diversidade climática de Galicia e España. Dominios climáticos: Características, elementos e factores. Escenarios de cambio climático e emerxencia climática.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Identifica e interpreta os dominios e formacións vexetais e as paisaxes naturais. Comprende e explica os factores que inflúen nos climas. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Comprende e comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos característicos. Comprende e explica un climograma nos seus aspectos máis relevantes. Define e utiliza con corrección o vocabulario xeográfico específico.		
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas. Sitúa elementos bioclimáticos nos mapas correspondentes. Analiza mapas do tempo utilizando as TIC.	TI	20
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Explica un mapa meteorolóxico sacando as conclusións pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. - Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termoplumiométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles.

UD	Título da UD	Duración
3	A diversidade hídrica e bioxeográfica en Galicia e España. Réximes fluviais. Aproveitamento dos recursos hídricos. Biodiversidade: formacións vexetais. Riscos xerados polas persoas.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Situa nun mapa da rede hidrográfica española os ríos das diferentes vertentes, e deduce as características dos mesmos.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento. Define e utiliza o vocabulario xeográfico con corrección.		
CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realizando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas.	Analiza e comenta hidrogramas, gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de crecidas e estiaxes en relación con os tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e extrae conclusións.		
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Sitúa elementos hídricos de maneira correcta en mapas da rede hídrica española.	TI	20
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Comprende e explica a diversidade hídrica en España.		
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Selecciona información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. - Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termopluviométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles. - Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas. - Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade.

UD	Título da UD	Duración
4	As paisaxes naturais e as relacións natureza - sociedade. Influencia do medio na actividade humana. Influencia da actividade humana no medio. Aproveitamento sustentable do medio físico.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Sabe describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos característicos.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Entende e explica o aproveitamento sustentable do medio físico. Explica e analiza a influencia do medio na actividade humana. Define e usa correctamente o vocabulario xeográfico específico.		
CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realzando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas.	Comprende e diferencia as paisaxes humanizadas das naturais. Sabe comparar e diferenciar as variedades de paisaxes naturais.		
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Explica as diferentes políticas favorecedoras do patrimonio natural. Explica e analiza a influencia da actividade humana no medio.		
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Explica os efectos dos distintos tipos de contaminación e o concepto de pegada ecolóxica.		
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Sabe obter e seleccionar a partir de distintas fontes, información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade.	TI	20
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Elabora unha guía dunha paisaxe natural, atendendo aos seus aspectos máis relevantes e identificando a influencia antrópica no medio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. - Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas. - Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade. - Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.

UD	Título da UD	Duración
5	O espazo rural e as actividades do sector primario. O espazo agrario e gandeiro. A actividade pesqueira. Silvicultura.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Explica os elementos fundamentais da estrutura agraria española, incidindo nas transformacións recentes dos sistemas agrarios. Define e usa con corrección o vocabulario xeográfico específico.	PE	80
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Analiza e explica a influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sostibilidade do medio. Identifica e analiza a sostibilidade e política pesqueira común.		
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Confecciona e analiza mapas, estatísticas, gráficos comparativos das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas e galegas fronte a outros sectores de actividade. Entende as características fundamentais dunha paisaxe agraria e os seus problemas actuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Identifica e comprende as actividades agropecuarias e forestais a través da análise de apisaxes agrarias. Establece e analiza as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega.	TI	20
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Identifica e analiza as prácticas sostibles e insostibles no sector primario. Achega e explica datos ou gráficos de aspectos estruturais que explican o dinamismo do sector primario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O valor socioambiental e económico dos produtos agroalimentarios e forestais de proximidade: indagación de pegadas ecolóxicas e da estrutura sociolaboral. O exemplo galego. Influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sostibilidade. Estudo de casos: etiquetaxes diferenciadas, ecolóxico etc. - Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. Sostibilidade e política pesqueira común. O caso galego. Estudo de casos: marisqueo, pesca de baixura e altura, acuicultura, sobreexplotación de caladoiros etc.

UD	Título da UD	Duración
6	Os espazos industriais. Materias primas e fontes de enerxía: transición enerxética. A industria en España e en Galicia. A pegada ecolóxica. A deslocalización industrial.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Analiza e explica o impacto da deslocalización sobre sectores da industria española e galega. Sabe argumentar a estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. Define e usa correctamente o vocabulario xeográfico específico.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Expresa e valora o debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización.		
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Analiza mapas, estatísticas, gráficos comparativos das materias primas, fontes de enerxía e as actividades industriais españolas e galegas fronte a outros sectores. Detecta posibles problemas e solucións da industria a través da análise das paisaxes industriais.		
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española e galega. Relaciona a industria con a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. Señala os novos factores de localización da industria derivados da transformación do tecido industrial.	TI	20
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Comprende e explica a avaliación de pegadas ecolóxicas; a dependencia e transición enerxéticas. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que explican as producións industriais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Sector secundario. Os espazos industriais. Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Avaliación de pegadas ecolóxicas; dependencia e transición enerxéticas; estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. Impacto da deslocalización sobre sectores da industria española. Estudo de casos: construción, automobilístico, agroalimentario etc. e factores de localización. Espazos industriais e tendencias en Galicia. O debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización.

UD	Título da UD	Duración
7	Os espazos terciarizados. A economía circular e os servizos. Modelos insostibles de servizos e alternativas. A economía dixital.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Identifica e comenta unha paisaxe transformado polo turismo. Explica e valora os modelos insostibles de servizos e as posibles alternativas. Define e usa con corrección o vocabulario xeográfico específico.	PE	80
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Explica e analiza como articulan o territorio as actividades terciarias. Comprende e describe o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial, así como a rede de comunicacións española.		
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Confeciona e analiza mapas, estatísticas, gráficos comparativos do comercio, comunicación e turismo en España e Galicia fronte a outros sectores ou outros países.		
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Explica a incidencia do sector servizos para a economía española e galega, con especial atención á análise do modelo turístico.	TI	20
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Analiza e constrúe unha crítica da pegada ecolóxica, a estrutura sociolaboral e a responsabilidade social corporativa e dos consumidores Analiza os efectos sobre o medio do turismo masivo e sinala alternativas a este.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Sector terciario. Os espazos terciarizados. O modelo de economía circular e os servizos: relacións entre produción, distribución e venda. Análise crítica de pegadas ecolóxicas, estrutura sociolaboral, responsabilidade social corporativa e dos consumidores. Estudo de casos: competitividade e desequilibrios en transporte, comercio, turismo, servizos esenciais etc. e factores de localización. Modelos insostibles de servizos e alternativas. Modelos de ocupación dominante en Galicia. - A economía dixital: impacto da "economía colaborativa" e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea.

UD	Título da UD	Duración
8	A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Comprende e comenta o mapa da densidade de poboación e os movementos migratorios, salientando un respecto pola diversidade étnica cultural.	PE	80
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Explica a estrutura da poboación española actual e os desequilibrios entre os diferentes territorios. Analiza os movementos migratorios en España. Define e usa con corrección o vocabulario xeográfico específico.		
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Describe, analiza e defende información sobre a poboación española e galega salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides de poboación, taxas de poboación... Analiza a evolución histórica da poboación española.		
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Sabe elixir datos e taxas demográficas que amosan a configuración da poboación dun territorio. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española e galega.	TI	20
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Distingue e razoa as pirámides de poboación na súa evolución histórica. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación. Debate sobre os datos de poboación actuais en España e Galicia e as problemáticas apareladas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.

UD	Título da UD	Duración
9	Concepto de cidade. O espazo urbano en España e Galicia. Funcións da cidade.	12

9	Morfoloxía urbana. Estrutura urbana. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles.	12
---	---	----

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade. Explica o concepto de cidade difusa.	PE	80
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Explica as transformacións recentes do modelo urbano en España. Define e usa con corrección o vocabulario xeográfico específico.		
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Identifica e explica a xerarquización urbana española. Comprende os desequilibrios na distribución da poboación. Identifica e analiza as características do proceso de urbanización, sinalando a influencia histórica no plano de cidades como Madrid e Barcelona.		
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica, sinalando a morfoloxía das diferentes partes da cidade e a evolución da trama urbana.	TI	20
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea. Analiza os impactos sobre o medio do mundo urbano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.

UD	Título da UD	Duración
10	Organización territorial de España. A Constitución de 1978 no deseño territorial. Desequilibrios e contrastes territoriais, políticas rexionais e de cohesión.	4

10	A Comunidade de Galicia.	4
----	--------------------------	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Explica a ordenación territorial española a partir de mapas. Explica os desequilibrios e os contrastes territoriais de España. Define e usa con corrección o vocabulario xeográfico específico.	PE	80
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Representa e explica os fenómenos físicos e humanos que se desenvolven no territorio utilizando mapas. Coñece as diferentes divisións administrativas do plano de España e visualízalas correctamente.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación actual e proxeccións do estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
11	España e Galicia no mundo: a posición nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. Globalización e diversidade. As desigualdades territoriais no mundo. Grandes eixes mundiais.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Localiza a situación española entre as grandes áreas xoeconómicas mundiais e explica as relacións fundamentais que mantén coa Unión Europea e co resto de institucións internacionais. Identifica e describe os trazos da globalización.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial. Confecciona cadros comparativos de casos concretos de globalización.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial.

UD	Título da UD	Duración
12	España e Galicia: situación xeográfica. España e Galicia en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Extrae e sabe interpretar a información de mapas, planos e utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica. Utiliza mapas dixitais, sistemas de xeoposicionamento GPS e apps nos dispositivos móbiles.	PE	80
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Explica e comprende a posición de España na Unión Europea. Comprende os contrastes territoriais e as políticas de cohesión. É capaz de traballar con diferentes documentos, mapas e fontes xeográficas e producir traballos sobre a xeografía física.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.
- España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Xeografía desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado ou logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e ou logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

A metodoloxía da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

O uso dunha metodoloxía propia para que o profesorado, tomando como eixe vertebrador as competencias específicas e os contidos, poidan adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de Galicia, de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado.

- O emprego de métodos cuantitativos de carácter serial, gráfico e estatístico que lle proporcione ao alumnado información de diferentes fontes que permitan elaborar un discurso que fomente a igualdade e a sostibilidade, requisitos que caracterizan as ciencias sociais.
- O uso de estratexias nas que o alumnado exercite tanto procesos instrumentais como actitudes para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica, baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio natural no contexto actual de cambios e incertezas.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e estimulando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade.
- O desenvolvemento no alumnado de fundamentos propios a través dun enfoque interdisciplinario, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia coa presentación da información en diferentes linguaxes que inclúan aspectos tanto visuais como verbais.
- Analizar problemas sociais e ambientais relevantes, que faciliten asimilar os conceptos teóricos por parte do alumnado e que lle permita unha comprensión xusta e igualitaria do mundo no que vive.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- Utilización como instrumento básico de traballo a aula virtual do departamento, que servirá como punto de encontro para desenvolver un traballo cooperativo. Así, a través deste recurso proporemos materiais complementarios de reforzo didáctico, actividades grupais e individuais.
- Exposición, tanto oral como escrita, por parte do alumnado, considerase un medio esencial para acadar os obxectivos propostos para a materia e o nivel. Tamén o é, buscar que o alumnado consiga vincular directamente o coñecemento que lle proporciona esta materia, coa realidade física, económica e social do seu entorno inmediato e coñeza os condicionantes que crean e modifican esa realidade. Trataremos de que esa vinculación continua da materia coa realidade na que opera o alumnado sirva tamén de motivación de cara á materia.
- Construción do coñecemento xeográfico, traballaremos os procesos de: análise de datos / contraste dos datos cos coñecementos específicos do bloque adquiridos/análise crítico a partir dos coñecementos globais da materia. Ao longo do curso buscaremos que ese proceso sexa cada vez máis autónomo por parte do alumnado, unha vez que asimile os procedementos axeitados
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escritura, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- Fomento do traballo grupal, fomentando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.

- Impulsar o uso das TIC como instrumento para traballar a análise espacial, aproveitando en particular a potencialidade dos dispositivos móbiles, webs e un uso crítico das diversas fontes; xestión de datos estatísticos; cartografía e fotointerpretación

A diversidade de contidos da materia e a tendencia do alumnado de 2º bacharelato a avanzar na achega de obxectivos de forma acelerada fronte a etapas previas, fai que ao longo do curso poidamos ir modificando estratexias metodolóxicas na procura dun proceso de aprendizaxe cada vez máis autónomo por parte do alumnado.

Por estas razóns os docentes deberán intervir máis asiduamente na tarefa de dirixir e reconducir as actividades do alumnado. Isto non nos debe facer esquecer o obxectivo prioritario de conseguir unha clase activa e participativa afastada do exclusivo protagonismo do docente como mero subministrador dos contidos da materia.

Partindo sempre dos coñecementos previos intentaremos construír unha aprendizaxe significativa, non nos quedaremos nunha mera nomenclatura pedagóxica e seguiranse as instrucións do Grupo de Traballo da materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto físico ou dixital.
Recursos e apuntamentos do docente.
Aula virtual do centro
Presentacións interactivas por medio de webs e apps de contidos xeográficos.
Fichas fotocopiáveis
Recursos Abau e grupo de traballo de Xeografía
Gamificación

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Establécese o libro de texto "Xeografía de 2º de Bacharelato" de Editorial Anaya, que servirá como apoio fundamental para traballar sobre os aspectos xeográficos na clase de maneira autónoma.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo docente, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, utilizaremos a Aula virtual a través da cal podemos facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas feitas por medio de webs e apps específicas de xeografía.

A gamificación por medio de cuestionarios (Kahoot, quizz), daralle un punto divertido e lúdico ao ensino-aprendizaxe.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos da Xeografía, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de comentarios, sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.
- Comentario de gráficas, mapas temáticos, táboas e paisaxes, que permitan avaliar a capacidade de interpretar instrumentos básicos da ciencia xeográfica

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado para o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates e/ou visionados de material audiovisual.

Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	5	6	11	11	12	11	10	4
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	4	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

A avaliación é un proceso que se basea na observación sistemática da evolución do alumno e do seu traballo na aula e nas probas que se lle mandan. Esta combina aspectos moi diversos da práctica educativa como: o crecemento intelectual, o a comprensión e uso correcto de conceptos, o dominio dun pensamento lóxico, o uso correcto do idioma, o desenvolvemento persoal e social, o afondamento no coñecemento da sociedade actual a través do pasado máis recente e máis arredado, etc.

No curso 2023/24 preténdese priorizar as aprendizaxes significativas, as habilidades e as competencias do alumnado mediante unha metodoloxía activa baseada en actividades nas que o alumnado aprenda por si mesmo, traballe en equipo e utilice os métodos de investigación apropiados.

De maneira preferente utilizaranse os recursos dixitais, especialmente os dispostos a partires da Aula Virtual do Centro e toda unha serie de recursos dixitais libres na rede. Todo isto pretende favorecer o traballo autónomo do alumnado ó deseñarse actividades con un carácter eminentemente práctico que conforma o 100% da cualificación.

Nas Unidades Didácticas establececese un peso orientativo que se lle da ós instrumentos de avaliación. Na maior parte das unidades o peso das cualificación recae maiormente nas probas escritas. Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta, e puntuarase de 0 a 10. No tocante á cualificación dos traballos vaise empregar as táboas de indicadores ou rúbricas, na que cada traballo vai ter unha puntuación de entre 0 e 10 puntos.

Desta maneira cada avaliación terá os seguintes criterios de cualificación:

80% Proba escrita sobre os contidos e procedementos de análise de documentos con información xeográfica en cada unha das avaliacións. Esta dividirase entre unha proba teórica (pregunta tema + desenvolvemento dun tema) e unha proba práctica (elaboración de dous supostos prácticos), seguindo o modelo da proba ABAU.

20% Realización de diversas actividades por avaliación e seguemento diario (participación, actividades propostas na Aula Virtual, realización de supostos prácticos tipo ABAU, traballos de profundización en aspectos concretos do temario usando as TIC, manexo dos Sistemas de Información Xeográfica, etc.)

Todas as probas van ser valoradas de 0 a 10 puntos, e farase unha media coas notas a través dos porcentaxes establecidos nas táboas anteriores. Considérase que o alumno/a superou a avaliación se obtivo unha nota igual ou superior a 5 puntos, establecendo os 5 como a nota establecida para o aprobado.

A nota final ordinaria vai ser a media aritmética das tres avaliacións, e entenderase a materia como superada cando a nota sexa igual ou superior a 5.

Con carácter xeral, a cualificación da avaliación final será a media das tres avaliacións. No cálculo da media aplicarase un redondeo seguindo os criterios establecidos con anterioridade, na que si o alumno/a acadara as 60 centésimas pasara ó número enteiro seguinte, pero se non quedarase co número enteiro correspondente.

De modo extraordinario, un alumno/a poderá acadar unha cualificación superior á media aritmética correspondente cando a súa progresión durante o curso sexa tan intensa que acade un grao de aprendizaxe moi superior ó realizado nas primeiras avaliacións. Tamén se terán en conta no redondeo os criterios actitudinais e de traballo na aula, da seguinte maneira: A ponderación destes criterios actitudinais e de participación e traballo na aula consistirá na adición de decimais para o redondeo da cualificación da avaliación acadando o enteiro superior (por exemplo, un alumnado que ten un 6.3 como resultado da avaliación engadida, poderá acadar un 7 en función de se foi cualificado positivamente atendendo a estes criterios).

As probas escritas ou exames de Xeografía de 2º de Bacharelato seguirán o modelo “similar” ó da proba proposta pola CIUGA para a ABAU. Isto levará a que modelo de proba vaise dividir en tres partes:

- Preguntas de definición de conceptos. Os conceptos son dunha lista proporcionado pola CIUG, e pode estar suxeita a modificación segundo os cambios da proba de ABAU. Esta pregunta seguirá os criterios establecidos para a súa corrección segundo os modelos de ABAU, sendo valorada ata 2 puntos en total, e ata 0,5 puntos por concepto.

- Realización dunha pregunta de desenvolvemento dun tema. As preguntas de desenvolvemento son sacadas dunha lista proporcionado pola CIUG, e pode estar suxeita a modificación segundo os cambios da proba de ABAU. Esta pregunta seguirá os criterios establecidos para a súa corrección segundo os modelos de ABAU, sendo valorada ata 3 puntos.

- Realización de 2 preguntas prácticas. A proba práctica vai ser a partires dunha serie de documentos xeográficos (mapas, gráficos, imaxes...). Valorarase como fundamental a capacidade de síntese, a utilización dun vocabulario específico, a claridade expositiva, a xerarquización das ideas, a análise da información dos documentos, a análise das variables xeográficas representadas, unha correcta expresión escrita, etc. Cada un dos prácticos será valorado con 2,5 puntos. No caso de que a parte práctica se parta en dúas probas, cada proba constará de un só práctico e cada

práctico será avaliado sobre 5 puntos.

Farase un exame por avaliación, dividido en dúas partes. Os exames serán realizados preferiblemente en dúas sesión de aula, para intentar cumprir co criterio de facer exames de 1 hora e 30 minutos, seguindo o modelo de ABAU. Deste xeito unha das sesión de 50 minutos vai ser empregado para a realización da composición, e a outra sesión sería para a realización das preguntas de teoría e conceptos, tendo outros 50 minutos aproximadamente. No caso de non ser posible o responsable da materia realizara os axustes pertinentes para realizar as probas seguindo o modelo. Excepcionalmente, poderanse realizar dous exames dos supostos prácticos por avaliación, segundo o criterio do profesor da materia e as necesidades académicas da materia. No segundo caso, de facer dous exames desa parte, farase a media aritmética das dúas notas para acadar a nota desa parte do exame.

As normas nos exames ou nas probas escritas serán as seguintes:

- Sobre a mesa unicamente se pode ter o necesario para facer o exame (bolígrafo azul ou negro como cores para escribir).
- Non se pode empregar ningún tipo de corrector.
- Durante o exame non se pode usar ningún elemento dixital (móviles, pulseira, reloxos intelixentes, etc.). A posesión deses elementos pode ser motivo de expulsión do exame, e terá como consecuencia unha nota de 0 puntos na proba.
- Cando un alumno sexa visto copiando requisaráselle o exame e deberá repetilo na recuperación da avaliación seguinte ou na de maio se é na terceira. No caso de que se colla ó alumnado copiando durante a proba de recuperación final de maio, ou no da convocatoria extraordinaria, considerarase suspenso, e recibirá unha cualificación de 0 puntos.
- Unha vez no exame o alumno deberá esperar un mínimo de 20 minutos antes de abandonar o exame.
- O alumnado deberá ser moi escrupuloso coa puntualidade, xa que o seu incumprimento considerarase unha falta leve.
- Nos exames de avaliación é obrigatorio comezar a escribir na folla que entrega o profesor na que figuran a portada.
- A asistencia ás probas ten carácter obrigatorio, e a súa ausencia comporta un 0 na nota da proba. Para poder xustificar debe presentarse unha documentación oficial, e iso poderá xustificar a repetición da proba cando o docente o determine.

No caso dos traballos, composicións, liñas do tempo, cuestionarios ou outros formatos deben ser entregados seguindo unha serie de criterios:

- Deben ser entregados dentro dos prazos establecidos. No caso de ser entregados con posterioridade considéranse como non entregados, e terán unha nota de 0 puntos.
- Actividades que presenten mostras de ser copiados ou plaxiados de compañeiros ou calquera outra fonte serán considerados como non válidos, e terán unha nota de 0 puntos.
- As actividades deben seguir os criterios establecidos polo docente, e ter unha letra lexible e identificado correctamente. No caso de que non sigan estes criterios non serán corrixidos, e terán unha nota de 0 puntos.

Empregarase, como apoio ás corrección e o seguimento das actividades, diferentes rúbricas e rexistros, que se porán a disposición do alumnado na Aula Virtual para a súa consulta.

Criterios de recuperación:

Para poder recuperar a avaliación vai existir unha proba de recuperación, que será realizada na seguinte avaliación. No caso da terceira avaliación, esta recuperación poderase facer na proba escrita do mes de maio. No caso de recuperar a materia a nota do exame será a que se tomará de referencia para a cualificación da avaliación ordinaria, sen ter en conta o resto de variables que se tiñan en conta na avaliación.

En caso de non acadar unha nota media de 5 entre as tres avaliacións a final do curso, o departamento para facilitar o aprobado, propón un exame final no mes de maio. Para beneficiar ao alumnado no caso de ter suspensa só unha avaliación, poderá presentarse o exame desa avaliación, pero no caso de non ter superadas dúas das avaliacións o alumno/a terá que presentarse á proba extraordinaria, realizada antes da avaliación ordinaria, con toda a materia do curso. A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.

O exame da avaliación de maio antes da avaliación ordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes profesores. Esta proba será unha proba escrita seguindo o modelo de exame de ABAU, adaptado en parte aos contidos dados en cada unha das avaliacións, e supón o 100% da nota.

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado poderá presentarse a unha proba extraordinaria realizada no mes de xuño, segundo as datas propostas pola dirección do centro e a xefatura de estudos. Esta proba será unha proba escrita seguindo o modelo de exame de ABAU e supón o 100% da nota. Para considerar que o alumnado superou a materia terá que sacar unha nota igual ou superior a 5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Estableceranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado, ou a adaptación necesario de instrumentos e mecanismos de avaliación para o alumnado con dislexia. De igual xeito, buscarase a localización mais idóneas na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle servan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse elevar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

En xeral, procurarase proporcionar ós alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital, webs e apps	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico					X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores								X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero								X
ET.8 - Creatividade				X				X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital, webs e apps	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A Tecnoloxía da Información e a Comunicación insistirá na competencia dixital e a comunicación audiovisual, resaltando o uso de webs e apps específicas, esta será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros de interese xeográfico, histórico ou cultural.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.		X	

Observacións:

En principio non se planean actividades extraescolares para a materia de Xeografía, xa que se ira vendo ó longo do curso as posibilidades de tempo e de actividades, aínda que en 2º de Bacharelato é complicado realizalas polos problemas de temporalización

O departamento intentará organizar coa suficiente antelación, e avisar ó departamento de actividades extraescolares e á Vicedirección a realización de actividades complementarias e extraescolares.

No caso de que se fagan, as actividades complementarias seguirán as seguintes indicacións:

- Fundamentalmente, os tipos de actividades que se presentan son os seguintes:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes. Realización dun vocabulario xeográfico, histórico e artístico (o alumnado elaborará un glosario de términos que terán que presentar ao profesorado),

- Actividades de síntese de información, realización de esquemas, resumos, toma de apuntes en clase.

- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferente natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.

- Redacción de traballos de temática histórica, pequenos traballos de investigación ofrecendo un guión delimitando os apartados sobre os que queremos obter información.

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

As actividades fora da aula están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondente.

- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.

- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporaliza as unidades e os contidos
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación
Ofrece oportunidades de recuperación.

Metodoloxía empregada
Eficacia e variedade das actividades e recursos
Emprega variedade de recursos.
Desenvolve estratexias de motivación do alumnado
Realiza actividades innovadoras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Explica con claridade, é ordenado nas explicacións e resolve dúbidas.
Medidas de atención á diversidade
Os criterios de cualificación foron axustados as necesidades do alumnado.
Realizouse a avaliación inicial.
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe e interacciona co alumnado.
Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Promove a reflexión sobre os temas tratados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordina a actividade co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á miña materia.
Infórmase axeitadamente ás familias sobre a evolución do alumnado.

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entornando a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía. Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acadese os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, com obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas do alumnado para que poidan

alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

- Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc... Todo isto coa finalidade de ir axustando, e incluso modificando cando sexa preciso, aqueles aspectos didácticos que se crea convenientes para que dita programación resulte máis real, axeitada e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida ós contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade do alumnado, etc.).

De todo isto elaborárase un informe detallado nas actas do departamento na avaliación seguinte. Para avaliar o proceso de ensino deben empregarse os indicadores de logro establecidos na programación, e comprobárase o seu grao de cumprimento.

Finalmente, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade. Intentando deste xeito ir mellorando ano a ano, e intentando axustarse ás necesidades do alumnado.

9. Outros apartados